

# O PAPEL DOS MEDIOS NA INFORMACIÓN DE XÉNERO

LUGO, 24 DE NOVEMBRO DE 2007



VICEPRESIDENCIA DA  
IGUALDADE E DO BENESTAR  
Secretaría Xeral da Igualdade

## ÍNDICE

1. O Programa	3
2. As Ponencias	8
3. Conclusión	36
4. Ficha Técnica	40

## **O PROGRAMA**

# O papel dos medios na información de xénero

Lugo, 24 de novembro de 2007

**9.30 horas.** Recepción-Inauguración

**10.00 horas.** Conferencia

***Posición das organizacións de mulleres en relación coa igualdade de oportunidades nos medios de comunicación.***

**Marisa Soleto Ávila (Directora da FundaciónMujeres)**

A importancia da responsabilidade e o compromiso social do xornalista profesional "que pode contar o que ve, desde a veracidade e sempre dentro dun marco de consenso social".

Presenta e modera: Belén Puñal (xornalista especializada en comunicación de xénero).

**11.00 horas.** Debate

**11.45 horas.** Pausa-café

**12.15 horas.**

**MESA 1: O tratamento da información relacionada coa violencia machista.**

***O machismo na prensa***

**Luísa Costas (La Opinión de A Coruña)**

A Lei Integral contra a violencia de Xénero entrou en vigor no ano 2004 impondo aos medios de comunicación o deber de fomentar "a potenciación e salvagarda da igualdade entre o home e a muller". É certo que os medios semellan estar concienciados do seu papel na loita contra os malos tratos, pero ¿fomentan a igualdade? ¿Implícanse ata o punto de coidar a súa redacción e a presentación das noticias de violencia de xénero?

***A construción socio-moral dos roles de sexo-xénero e o seu reflexo nos medios de comunicación.***

**Cristina Caruncho Michinel (Univ. Vigo)**

O seu obxectivo é concretar algunhas propostas de acción positiva. Sen obviar a necesidade de revisar os conceptos de violencia e maltrato, así como o diagnóstico da situación actual do tema nos medios, me propoño fundamentalmente dar pautas para resolver os handicaps que hoxe se detectan neste ámbito partindo da firme convicción de que: non hai nin haberá democracia real sen a participación das mulleres, igual que tampouco pode falarse dunha verdadeira democratización da comunicación sen unha presenza igualitaria e non discriminatoria tanto no acceso ós medios por parte das mulleres como nos contidos que estes aborden e o modo en que teñan de os abordar.

***Cara a un novo tratamento informativo da violencia contra as mulleres baseado no enfoque de xénero.***

**Belén Regueiro (Casa da Muller do Concello de Lugo)**

O uso do término "violencia de xénero" alude únicamente ás agresións de que son vítimas as mulleres no ámbito da parella, invisibilizando todas as formas de violencia sistemática de que as mulleres son obxecto, tanto no ámbito público como privado: a violencia sexual, o acoso laboral, a trata de mulleres con fins de explotación sexual, a utilización das mulleres como "botín de guerra"...

Modera: Juan Carlos Rodríguez (Ser)

**13.00 horas.** Debate

**14.00 horas.** Fin da sesión matinal

**16.30 horas.**

**MESA 2: O pacto de autorregulamento. É necesario?**

***'Non todo vale'***

**Silvia Pérez Freire (Alecrín)**

O neoliberalismo económico globalizado e a sociedade do consumo na que nos atopamos son dous marcos sociais que irremediamente están transformando as nosas vidas e as "miradas" coas que observamos o mundo que nos rodea.

O relevante papel que xogou os medios de comunicación na visualización do maltrato doméstico na década dos noventa e que supuso un recoñecemento e toma de conciencia social dun problema estrutural na nosa sociedade como é o da violencia de xénero, estáse

diversificando hacia un tratamento esperpentizado e morboso coa inclusión desta temática nos programas denominados "de corte rosa", de gran divulgación e audiencia.

***Os mitos de xénero como titular. "Fueron los celos".***

**Ana Sanmartín (CRTVG)**

Nese 1997 morren en España 91 mulleres a mans dos seus compañeiros sentimentais ou daqueles cos que mantiveran ese tipo de relación. Non era unha cifra mais nin menos dramática que a de outros anos. Ana Orantes apareceu ante os ollos da opinión pública pedindo auxilio...E días despois, José Parejo, por aquel entón xa ex marido de Ana, rociouna con gasolina e queimouna viva.

***A lei como límite vs o sentido común ético e profesional dos xornalistas. Cales son as características da violencia e como tenden as informacións (voluntaria ou involuntariamente) a integrarse baixo a xustificación?***

**María Luísa Pasín (Avogada)**

A violencia de xénero é un problema social que excede do ámbito familiar e privado, constituíndo unha manifestación da desigualdade existente na nosa sociedade, posto que se trata dunha violencia que se dirixe cara ás mulleres polo mero feito de selo, ó seren consideradas polos seus agresores, carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión.

Moderadora: Begoña Fontenla (CRTVG)

**17.15 horas.** Debate

**18.00 horas.** Pausa-café

**18.30 horas**

**MESA 3: Como mellorar a función socializadora dos medios?**

*A sensibilidade, a responsabilidade e a contribución do xornalista na procura dunha sociedade igualitaria*

**María Solar (CRTVG)**

Cada 18 segundos, nalgún lugar do mundo, unha muller é maltratada. Son datos de Nacións Unidas. Moitos dos que hoxe nos sentamos aquí, contamos esas agresións que non son domésticas nin privadas, porque é un problema público e social; que non son mulleres que morren, senon que son asasinadas; que non son crimes pasionais, porque a pasión non mata, os asasinados, sí. Hai moitas maneiras de contalo.

***Pola paz sexual libre e xusta***

**Carmen Blanco (USC)**

A necesidade dunha presenza do pensamento antipatriarcal e feminista nos programas de opinión, a desaparición de programas que reproducen estereotipos e a desaparición de páxinas, programas e noticias rosas e do corazón que non teñen nada que ver co xornalismo.

### ***O feminismo e os medios de comunicación, construíndo complicidades***

#### **Lupe Cês (Marcha Mundial das Mulleres)**

A cidadanía aínda está a dotar-se da consciencia necesaria para deixar de ver aos medios de comunicación como unha realidade imutábel. A catástrofe do Prestige e a guerra de Iraque tivérom muito que ver no desencadenamento deste proceso. A comprensión dos medios como expresións de poder político e económico, que na maioría das ocasións exercem contra os intereses da cidadanía, a favor dos intereses dos poderosos, reduce-se a capas sociais moi ideologizadas e minoritarias.

Moderadora: Lourdes Abuíde Valcarce (Onda Cero)

**19.15 horas.** Debate

**20.00 horas.** Clausura.

## **AS PONENCIAS**



## **O PAPEL DOS MEDIOS NA INFORMACIÓN DE XÉNERO**

24 de novembro de 2007. Lugo, Centro Sociocultural Uxío Novoneyra

Esta xornada, organizada polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) e o Observatorio Galego dos Medios (OM), coa participación de Vicepresidencia da Xunta de Galicia, convocouse para facilitarlles aos profesionais un marco de correcta actuación na elaboración dos contidos relacionados coa violencia de xénero e no tratamento de datos sobre agresións a mulleres. Ppr este motivo, deuse cita neste día a diferentes profesionais do xornalismo e membros de asociacións relacionadas con esta problemática, así como investigadoras e persoal docente e do ámbito do dereito que tentaron descifrar conxuntamente cales son as necesidades reais da sociedade en relación con esta problemática e, por tanto, cal é o papel principal dos medios de comunicación, na cobertura desas necesidades, e na difusión e o fomento do recoñecemento das mulleres como cidadás, sen diferenciación sexual de ningún tipo e como importantes conductores de opinión, nesa concienciación activa da necesidade de erradicar calquera signo de diferenciación de xénero na sociedade, e reivindicar a dignidade e a igualdade de dereitos cívicos.

A xornada desenvolveuse no salón de actos do Centro Sociocultural Uxío Novoneyra de Lugo, o 24 de novembro. A avogada e directora da Fundación Mujeres abriu o encontro cunha conferencia. Tiñeron lugar, ademais, tres mesas de debate, moderadas por xornalistas, e na que interviron mulleres poñentes de diferentes eidos profesionais, xornalismo, dereito, sociología, filosofía moral, co fin de abarcar o tratamento da violencia machista desde diferentes perspectivas.

Ao longo da xornada tratouse de revelar cales son os fallos da comunicación, detectar se aínda hoxe se reproducen, e de que maneira, nas noticias roles propios dun sistema de valores dominado polo home e por que.

## **Inauguración**

### **Conferencia**

Moderada por Belén Puñal, xornalista

#### **Marisa Soletto Ávila, Directora da Fundación Mujeres**

#### **'Posición das organizacións de mulleres en relación coa igualdade de oportunidades nos medios de comunicación'**

Ao longo da historia recente da reivindicación feminista foi frecuente atopar referencias á relación que existe entre o desenvolvemento social da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e o desenvolvemento dos dereitos das mulleres coa tarefa e función social que cumpren os medios de comunicación.

Existe unha reivindicación permanente por parte das organizacións de mulleres dirixidas a visibilizar a importancia social do retrato que das mulleres e dos temas relativos á igualdade de oportunidades faise desde os medios de comunicación. Esta reivindicación pasou ata por varias fases e adoptou diferentes formas ao longo dos anos. As organizacións de mulleres denunciámonos iradamente en moitas ocasións e é probable que esta parte de protesta sexa a que máis se coñeceu e a máis visible. No entanto nos últimos anos, desenvolvemos diferentes estratexias de sensibilización e comunicación que tiveron como obxectivo non só a denuncia senón a elaboración e explicación de criterios para un tratamento adecuado dos temas relativos á igualdade de oportunidades e os dereitos e imaxe das mulleres nos medios.

O actual nivel de desenvolvemento das políticas de igualdade de oportunidades en España, ao longo da última lexislatura, permitiu ademais, plasmar dentro da lexislación algúns aspectos que concretan a importancia do papel dos medios de comunicación no desenvolvemento das políticas de prevención da violencia de xénero ou para o desenvolvemento da igualdade real e efectiva.

A Lei integral contra a violencia de xénero dedica unha parte do seu articulado ao papel dos medios de comunicación na prevención da violencia de xénero e chega a definir como publicidade ilícita aquela que transmiten imaxes e estereotipos de xénero claramente discriminatorios ou que poidan xustificar o papel de subordinación das mulleres, claro caldo de cultivo para o desenvolvemento da violencia de xénero.

Tamén a Lei para a Igualdade efectiva entre mulleres e homes, trata o tema dos medios de comunicación. Nesta Lei, atribúense unha serie de obrigacións en materia de tratamento de contidos tanto dos medios de titularidade pública como privada, pero, ademais, establece unha serie de obrigacións en materia de órganos de dirección e ideario en materia de igualdade de oportunidades para os medios de titularidade pública.

Non só a lexislación, é evidente que o clima social a favor da igualdade cambiou, tampouco é igual a posición social das mulleres que a de fai unhas décadas, por exemplo, cada vez hai máis mulleres traballando nos medios de comunicación ou resulta frecuente atopar opinións de mulleres feministas nos medios de comunicación e non só en relación cos temas das mulleres senón en relación con temas de interese xeral como a fiscalidade, familia, política internacional, dereitos humanos, etc?. Como consecuencia de todo isto, tamén está cambiando o ton no tratamento informativo e os contidos que sobre as mulleres aparecen nos medios. No entanto, aínda podemos atopar numerosos exemplos de tratamentos e tons propios doutro tempo nos contidos informativos, de entretemento e de opinión. É necesario, polo tanto, continuar insistindo no papel dos medios de comunicación como vehículos de información e sensibilización social neste tema.

Que cuestións son esenciais para un adecuado tratamento informativo?

En xeral poderíamos dicir que un tratamento informativo adecuado é aquel que prescinde dos estereotipos de xénero. Pero esta afirmación é talvez un tanto abstracta e convén repasar cales son os elementos concretos que deberían terse en conta nos medios de comunicación. Algúns deles serían:

- A presenza de noticias relacionadas coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
  - Un tratamento adecuado dos contidos informativos que afectan especialmente ás mulleres, centrado ademais en temas de interese social e político e non só, como ás veces sucede, como parte de seccións de información máis frívola.
  - A utilización dunha linguaxe inclusivo tanto nas palabras como nas imaxes.
  - A ausencia de posicións sexistas tanto nas opinións como na publicidade. É moi importante fuxir de estereotipos talles como a guerra de sexos ata nos espazos de entretemento. A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é un beneficio social xeneral e non só unha toma de posicións das mulleres.
  - Un tratamento adecuado nos casos de violencia de xénero, tanto na información en cada un dos casos como nas análises xerais.
- 
- O rexeitamento de publicidade ilícita, incluíndo a sección de anuncios por palabras. É especialmente importante e así está sendo recolleito, o compromiso para a eliminación dos anuncios que alentan o consumo de prostitución.

A fórmula esixe responsabilidade e autorregulación por parte dos propios medios. Trátase de conseguir que o respecto á igualdade de oportunidades, nos termos recollidos na Lei, forme parte da deontoloxía profesional. Para iso, é necesario que, por encima das posicións ideolóxicas das liñas editoriais, os contidos en materia de igualdade, teñan calidade e contén

cunha especialización profesional, propia dunha información con antecedentes políticos e sociais moi importantes. É necesario, ademais, a definición dun acordo xeral do sector, que conta xa con algúns exemplos moi valiosos, para o rexeitamento de contidos evidentemente sexistas, presentes, de cando en vez, nas páxinas dos diarios e os espazos televisivos e radiofónicos.

Moitas organizacións de mulleres preparámonos para dar respostas en relación co tratamento informativo. melloramos a nosa capacidade de organización, existen sitios especializados que tratan de forma exclusiva a información relevante en materia de igualdade de oportunidades. fixemos esforzos para mellorar as relacións cos medios. A experiencia da Rede feminista contra a violencia de xénero, e os resultados obtidos en materia de información sobre este tema, demostra que podemos conseguir un clima de relación que explique adecuadamente as posicións das organizacións de mulleres feministas en relación con temas concretos, contribuíndo desta forma a unha mellor comunicación sobre os temas relativos á igualdade e á violencia de xénero.

En definitiva, a nosa reivindicación, a das organizacións de mulleres feministas en relación cos medios, perseguiu sempre unha información de calidade sobre o avance social das mulleres, as políticas de igualdade e o noso propio traballo, seguras de que este tipo de tratamento, contribúe tamén de forma decisiva a unha mellor comprensión social do valor da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e á construción dunha sociedade máis xusta para todas e todos.

## **Mesa 1: O tratamento da información relacionada coa violencia machista**

Moderada por Juan Carlos Rodríguez, xornalista de Cadena Ser

**Luisa Costas, xornalista de La Opinión de A Coruña**

### **'Machismo na prensa'**

A Lei Integral contra a violencia de Xénero entrou en vigor no ano 2004 impoñendo aos medios de comunicación o deber de fomentar "a potenciación e salvagarda da igualdade entre o home e a muller". É certo que os medios semellan estar concienciados do seu papel na loita contra os malos tratos, pero, fomentan a igualdade? Implícanse ata o punto de coidar a súa redacción e a presentación das noticias de violencia de xénero? Ata onde eu sei, os xornalistas, responsables de elaborar a información, e en moitos casos de deseñar a súa presentación, non reciben formación específica das empresas nas que traballan nin orientación das institucións implicadas na protección das mulleres mais alá dun código ético descoñecido pola xeneralidade dos profesionais. As forzas de seguridade que investigan e interveñen nos casos de malos tratos nin dan información do seu traballo nin se relacionan cos responsables de redactar as noticias sobre violencia de xénero. Se a violencia machista é un problema de toda a sociedade, cómpre facer unha posta en común.

**Cristina Caruncho Michinel, Catedrática de Filosofía Moral (Universidade de Vigo)**

### **'A construción socio-moral dos roles de sexo-xénero e o seu reflexo nos medios de comunicación'**

Un dato, atopado de modo fortuíto, xunto coas miñas circunstancias académicas, leváronme estes últimos anos a analizar a relación entre violencia de xénero e medios de comunicación. O dato referido aparece no 'Eurobarómetro 2000' e afirma que o 90% dos europeos coñecen o tema da violencia de xénero a través dos medios de comunicación (fundamentalmente a televisión). Coñecido este feito considerei que o meu compromiso persoal e profesional co feminismo, a ética e o mundo da comunicación obrigábanme a reflexionar sobre esta problemática. Hoxe aquí compartirei convosco as miñas reflexións acerca desta temática. Ante todo persigo o obxectivo de concretar algunhas propostas de acción positiva. Sen obviar a necesidade de revisar os conceptos de violencia e malos tratos, así como o diagnóstico da

situación actual do tema nos medios, propóño-me fundamentalmente dar pautas para resolver os hándicaps que hoxe se detectan neste ámbito partindo da firme convicción de que: non hai nin haberá democracia real sen a participación das mulleres, do mesmo xeito que tampouco

pode falarse dunha verdadeira democratización da comunicación sen unha presenza igualitaria e non discriminatoria tanto no acceso aos medios por parte das mulleres como nos contidos que estes aborden e o modo en que teñan de abordalos.

### **Belén Regueiro, Casa da Muller do Concello de Lugo**

#### **'Cara a un novo tratamento informativo da violencia contra as mulleres baseado no enfoque de xénero'**

- Violencia ou violencias contra as mulleres nos medios de comunicación?

O uso do término "violencia de xénero" alude únicamente ás agresións de que son vítimas as mulleres no ámbito da parella, invisibilizando todas as formas de violencia sistemática de que as mulleres son obxecto, tanto no ámbito público como privado: a violencia sexual, o acoso laboral, a trata de mulleres con fins de explotación sexual, a utilización das mulleres como "botín de guerra"...

- A violencia de xénero no relato mediático

A necesidade de que os medios de comunicación, "os relatos socialmente compartidos", dean visibilidade á violencia contra as mulleres e apunten ás verdadeiras causas da mesma que son a discriminación que sufren as mulleres e a existencia dunha sociedade baseada na desigualdade de xénero. Pola contra, cómpre que os medios fuxan dun tipo de tratamento informativo da violencia de xénero que reflicte algunhas ideas presentes nalgúns ámbitos da opinión pública e que carecen de rigor, como poden ser, por exemplo, a explicación da violencia contra as mulleres como froito dun "arrebato pasional", a estados de locura transitoria ou psicopatías. Argumentacións deste tipo funcionan como xustificación das condutas violentas e poden contribuír a culpabilizar á vítima, en lugar de defendela.

- Análise dalgúns exemplos da prensa escrita.

#### **Mesa 2: O pacto de autorregulamento. É necesario?**

Moderada por Begoña Fontenla, xornalista de CRTVG

#### **Silvia Pérez Freire, Alecrín**

#### **'Non todo vale'**

O neoliberalismo económico globalizado e a sociedade do consumo na que nos atopamos son dous marcos sociais que irremediabilmente están transformando as nosas vidas e as "miradas" coas que observamos o mundo que nos rodea.

O relevante papel que xogou os medios de comunicación na visualización do maltrato doméstico na década dos noventa e que supuso un recoñecemento e toma de conciencia social dun problema estrutural na nosa sociedade como é o da violéncia de xénero, estáse diversificando hacia un tratamento esperpentizado e morboso coa inclusión desta temática nos programas denominados "de corte rosa", de gran divulgación e audiencia.

A, por outra banda, "normalización" da prostitución e nulo tratamento como violencia hacia mulleres na sociedade e con elo, nos mass media, está xenerando novamente un afianzamento das pautas sociais do patriarcado nunha reconversión onde as propias mulleres están asimilando os sistemas de dominación de xénero como algo inevitable e/ou tolerable. As/os profesionais temos unha responsabilidade compartida na que cada vez se fai máis necesario a consideración dunha regulación no tratamento da violencia de xénero, sobre todo, na dimensión mediática.

### **Ana Sanmartín, xornalista de CRTVG**

#### **Os mitos de xénero como titular. "Fueron los celos"**

##### **ANA ORANTES**

Que supón Ana Orantes?

Nese 1997 morren en España 91 mulleres a mans dos seus compañeiros sentimentais ou daqueles cos que mantiveran ese tipo de relación. Non era unha cifra mais nin menos dramática que a de outros anos. Ana Orantes apareceu ante os ollos da opinión pública pedindo auxilio...E días despois, José Parejo, por aquel entón xa ex marido de Ana, rociouna con gasolina e queimouna viva.

O asasinato de Ana Orantes foi quizais o comezo, a moitos niveis, da concienciación da Violencia de Xénero como algo inadmisibile.

POR VEZ PRIMEIRA OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN DESCORRERON AS CORTINAS DO SECRETISMO E PENETRARON NO TERRITORIO PRIVADO DA VIOLENCIA EXERCIDA CONTRA A MULLER NO SEU PROPIO FOGAR. Os medios de comunicación comezan a dar cumprida conta destes feitos, que comezan a aparecer nas primeiras páxinas dos xornáis e nos primeiros postos das escaletas dos informativos de radio e television.

Dende ese 1997 ata hoxe pasaron CASE DEZ ANOS. Os medios de comunicación SÍ se fan eco dos feitos referidos á violencia de xénero, hoxendía non podemos negar o seu papel como difusores destas informacións, pero tamén está claro é que os medios de CMC ESTAMOS FACENDO ALGO MAL...

HAI UN ERRO DE PLANTEXAMENTO, ou de ENUNCIAMENTO, non estamos falando adecuadamente da violencia de xénero.

QUE SEGUIMOS FACENDO MAL?:

### **IDENTIFICAMOS Á VÍTIMA**

#### **1) VIOLENTAMOS O SEU DEREITO Á INTIMIDADE**

Nin nome de pila, nin moito menos apelidos, nin o lugar onde vivía ou traballaba, ou o seu coche.

### **FOCALIZAMOS A ATENCIÓN NA VÍTIMA**

#### **2) SEGUIMOS ENFOCANDO A NOTICIA POLA VITIMA**

A LINGUAXE é un MECANISMO que influe na percepción social dos FEITOS PÚBLICOS Así que é distinto dicir unha muller foi maltratada a dicir un home maltratou unha muller.

### **INCLUIMOS FONTES NON EXPERTAS**

#### **3) VECIÑOS/FAMILIARES como FONTE.**

O obxectivo dos medios de comunicación é conseguir que a cidadanía sexa libre, para elo hai que informala, e as opinións das persoas que rodean as vítimas nunca vai poder cumprir esa función.



## **EMPREGO DE RECURSOS EFECTISTAS**

### **5) RECURSOS ESTÉTICOS o NARRATIVA que non engade información.**

Os recursos efectistas están reñidos coa reflexión e a profundización.

## **SÓ ENUMERAMOS**

### **6) SEGUIMOS ENUMERANDO**

A vítima numero 36 no que vai de ano. Coma se tratase dunha epidemia.

## **VISIBILIZAMOS A PUNTA DO ICEBERG**

### **7) NON POR ÚLTIMO MENOS IMPORTANTE: SEGUIMOS VISIBILIZANDO O VÉRTICE DA PIRÁMIDE,**

Non estamos falando dun suceso, nin dun virus, senón dun grave PROBLEMA SOCIAL E CULTURAL froito das desiguais relacións de poder entre mulleres e homes.

IMPRESINDIBLE por parte dos medios:

- **TOMAR PARTIDO**, si por tomar partido se entende chamar ás cousas polo seu nome. VIOLACION DOS DEREITOS HUMANOS.

Manual de urxencia de RTVE, un referente no regulamento do tratamento da Vª de xénero, e do control sobre a imaxe que se difunde da muller e do home.

- O sentido común non é suficiente, por iso é imprescindible a **FORMACIÓN**.

No mes de xuño do pasado ano:

Anuncio de Benigno Sánchez (no Parlamento) na Comisión Especial non Permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres: a CRTVG vaise dotar dun libro de estilo que contará cun apartado específico para abordar con rigor a perspectiva de xénero tanto nas informacións coma nos programas do ente público.

Amais:

- Reflexión sobre o papel dos medios como axentes socializadores

- Lembra que a CRTVG comprometeuse a través dun protocolo asinado no ano 2002 xunto co Servizo Galego de Igualdade, o Colexio de Xornalistas e a Facultade de Ciencias da CMC.

Pero a día de hoxe, no traballo cotiá non se sigue ese protocolo.

### **¿Por qué?**

- Por falta de interese
- Por falta de motivación
- Por descoñecemento.

Por todo o anterior...

- Seguimos emitidos contidos sexistas
- Seguimos abordando erroneamente a violencia de xénero....
- Continuamos deseñando e emitindo unha televisión estereotipada nos roles masculino e feminino, reflectimos un mundo no que o poder é masculino

### **Que podemos facer para cambiar esta situación?**

Teríamos que sensibilizar as e aos profesionais, crear conciencia da gravidade deste problema, e para elo é imprescindible a formación. Sería esa xornalista ou ese xornalista especializado quen desenvolvería todas as novas referidas a violencia de xénero e en realidade todo o tocante ó xénero. Ata aquí teríamos o nivel práctico solucionado, pero por desgracia fai falla outra clave moito máis complexa....

Nada disto vai cambiar se as cúpulas directivas onde se toman as decisións (que programas, que concursos, que series, que contidos informativos...) seguen estando en mans dos homes. Para que as mulleres acaden os postos directivos dos xornais, das emisoras de radio, das televisións, teríamos que derrubar dunha vez o teito de cristal, erradicar de raíz as discriminacións de xénero. E que esas mulleres con poder para decidir sexan mulleres con perspectiva de xénero...

**María Luísa Pasín, avogada**

**'A lei como límite vs o sentido común ético e profesional dos xornalistas. Cales son as características da violencia e como tenden as informacións (voluntaria ou involuntariamente) a integrarse baixo a justificación?**

A violencia de xénero é un problema social que excede do ámbito familiar e privado, constituíndo unha manifestación da desigualdade existente na nosa sociedade, posto que se trata dunha violencia que se dirixe cara ás mulleres polo mero feito de selo, ó seren consideradas polos seus agresores, carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión.

A violencia de xénero está regulada por dúas normas, unha de ámbito estatal e con rango de lei orgánica, a Lei 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero; e outra, de ámbito autonómico, tamén con rango de lei, a Lei galega 11/2007, de 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Ambas ás dúas leis pretenden atender ás recomendacións de distintos organismos internacionais no senso de proporcionar unha resposta global á violencia que se exerce sobre as mulleres, enfocando a violencia de xénero dun xeito integral e multidisciplinar, empezando polo proceso de socialización e de educación e abarcando os ámbitos sanitarios, xurídicos, psicolóxicos, etc., ó considerar que a conquista da igualdade e o respecto á dignidade humana e á liberdade das persoas ten que ser un obxectivo prioritario en todos os niveis de socialización.

A Lei estatal abarca tanto os ámbitos preventivos, educativos, sociais, asistenciais e de atención posterior ás vítimas como a normativa civil que incide no ámbito familiar, de convivencia que é onde principalmente se producen as agresións.

No texto autonómico, establécense medidas conducentes a coordinar e planificar os recursos necesarios a través dunha correcta rede que integre medidas de información, de recuperación psicolóxica, de apoio económico, de inserción laboral e de acceso á vivenda para as mulleres que sofren violencia de xénero en Galicia. Nesta lei, xa no título I, se fai mención expresa ós medios de comunicación ó regular as medidas de prevención da violencia de xénero, entre as que se aborda, despois das medidas precisas para unha adecuada sensibilización social fronte a este problema, o rol primordial que deben cumprir os medios de comunicación social neste ámbito.

Pero para situar o tema da ponencia, é necesario comenzar polo principio, e determinar que se entende por violencia de xénero.

A Lei Orgánica dispón no art. 1 que o obxecto da lei é actuar contra a violencia que, como manifestación da discriminación, da situación de desigualdade e das relacións de poder dos homes sobre as mulleres, se exerce sobre éstas por parte de quen sexan ou foran os seus cónxuxes ou de quen estea ou estivera vencellado a elas por relacións semellantes de afectividade, aínda sen existir convivencia. Engloba dentro da violencia de xénero todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade.

Nembargantes é a lei galega a que ofrece unha definición máis precisa de violencia de xénero, e así no seu art. 2 dispón que se entende por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres, que teñan ou poidan ter, como consecuencia, un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou privada.

Pero este texto lexislativo vai máis alá, e como novidade respecto da lei estatal, introduce aínda que someramente, as distintas formas de violencia de xénero. Sinala as seguintes:

a) Violencia física, que inclúe calquera acto de forza contra o corpo da muller, con resultado ou risco de producir lesión física ou dano, exercida por quen sexa ou fora o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivera vencellado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.

Igualmente, terán a consideración de actos de violencia física contra a muller os exercidos polos homes do seu entorno familiar ou do seu entorno social e/ou laboral.

b) Violencia psicolóxica, que inclúe toda conducta, verbal ou non verbal, que produza na muller desvalorización ou sufrimento, a través de ameazas, humillacións ou vexacións, esixencia de obediencia ou sumisión, coerción, insultos, aislamiento, culpabilización ou limitacións de seu ámbito de liberdade, exercida por quen sexa ou fora o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivera vencellado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.

Igualmente, terán a consideración de actos de violencia psicolóxica contra a muller os exercidos por homes de seu entorno familiar ou do seu entorno social e/ou laboral.

c) Violencia económica, que inclúe a privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico o psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos ou a discriminación na disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia de parella.

d) Violencia sexual e abusos sexuais, que inclúan calquer acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, abarcando a imposición, mediante a forza ou con

intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.

e) Acoso sexual, que inclúe aquelas conductas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para unha terceira persoa, prevaléndose o suxeito activo dunha situación de superioridade laboral, docente ou análoga, co anuncio expreso ou tácito á muller de causarlle un mal relacionado coas expectativas que a vítima teña no ámbito da devandita relación, ou baixo a promesa dunha recompensa ou premio no ámbito da mesma.

f) O tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación, calquera que fora a relación que una á vítima co agresor e o medio utilizado.

g) Calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres.

A lei tamén recolle uns principios xerais que veñen a ofrecer unhas liñas básicas para afrontar o tema da violencia de xénero e as claves cas que debe ser interpretada a lei e analizada a situación de violencia de xénero. Estes principios son:

1. Consideración da violencia de xénero como unha forma extrema de desigualdade, incidindo unha parte importante da lei na prevención da violencia a través da sensibilización, a investigación e a formación en materia de igualdade.

2. Carácter integral. A presente lei ten un carácter integral, implicando de forma coordinada as diferentes instancias e administracións que teñen un papel destacado na prevención e tratamento da violencia de xénero. As medidas previstas teñen en conta a totalidade de danos que as mulleres sofren como consecuencia da violencia de xénero, asegurando un acceso rápido, transparente e eficaz ós servicios e recursos.

3. Perspectiva de xénero. Na totalidade das actuacións previstas na presente lei se implementará a perspectiva de xénero, baseada na análise dos roles de xénero tradicionalmente impostos, que sitúan a violencia como un mecanismo de control sobre a muller.

4. Victimización secundaria. Todas as accións que as administracións públicas realicen contra a violencia de xénero evitarán a victimización secundaria das mulleres e non reproducirán ou perpetuarán os estereotipos sobre as mulleres e a violencia de xénero, debendo garantir a especialización dos colectivos profesionais que interveñen no proceso. As administracións públicas procurarán en todo momento que as mulleres teñan garantida a súa integridade psicolóxica e a súa autonomía social e económica a través dos recursos adecuados.

5. Cooperación e coordinación. Os poderes públicos galegos intensificarán as accións para a cooperación e coordinación interinstitucional dos recursos e instrumentos contra a violencia de xénero, promovendo a colaboración e a participación das asociacións de mulleres, así como das entidades e organizacións da sociedade civil. Os concellos, como administración máis próxima á cidadanía participarán no desenvolvemento da presente lei, habilitándose por parte da Administración galega os recursos necesarios para tal fin.

6. Equidade territorial. No desenvolvemento da rede de recursos e servizos de prevención, atención, apoio, tratamento e protección da violencia de xénero teranse en conta a necesidade de compensar os desequilibrios territoriais, garantindo o seu acceso á totalidade das mulleres, especialmente as que viven no ámbito rural.

Unha vez definidas as características da violencia de xénero e as formas fundamentais de violencia de xénero, cómpre examinar nos textos legislativos o tratamento concreto que se fai dos medios de comunicación. De acordo co espírito integral de ambas as dúas normas e coa necesidade de afrontar a problemática da violencia de xénero como un problema social, con repercusión en todos os ámbitos de socialización, os medios de comunicación tamén teñen a súa responsabilidade no tratamento deste tipo de noticias. Tendo en conta que a nosa Constitución garante a liberdade de prensa a regulación que conteñen as normas non poden ser restrictivas nin excesivamente intervencionistas polo que unicamente se limitan a asegurar no tratamento desta novas a protección e salvagarda dos dereitos fundamentais, con especial atención á erradicación de situacións de desigualdade das mulleres nos medios de comunicación.

Así, o art. 14 da Lei Orgánica 1/2004 indica que os medios de comunicación fomentarán a protección e salvagarda da igualdade entre homes e mulleres, evitando toda discriminación entre eles. A difusión de informacións relativas á violencia sobre a muller garantirá, coa

correspondente obxectividade informativa, a defensa dos dereitos humanos, a liberdade e a dignidade das mulleres vítimas da violencia e dos seus fillos. En particular, terase especial coidado no tratamento gráfico das informacións.

Polo súa banda a lei galega 11/2007, contén unha regulación máis extensa dos medios de comunicación, cunha referencia expresa á necesidade de promover acordos e convenios de autorregulación dos medios que terán carácter de códigos deontolóxicos o de contido ético. Polo tanto partindo dos principios básicos de respecto e salvagarda dos dereitos fundamentais, especialmente da igualdade entre homes e mulleres e o de intimidade da muller que sofre violencia de xénero, a norma deixa en mans dos propios profesionais dos medios de comunicación o tratamento que se lle debe dar á violencia de xénero. A lei non dí como deben tratar os medios de comunicación a violencia de xénero, o que di é que no tratamento destas novas deben respectarse os dereitos fundamentais da persoa, especialmente o dereito á igualdade entre homes e mulleres, o dereito á intimidade da "víctima", evitando as mensaxes de carácter misóxino e transmitir unha imaxe estereotipada da muller.

O Artigo 9 ó regular o tratamento da información, dispón:

1. A Xunta de Galicia, a través dos departamentos competentes no ámbito da comunicación, garantizará que os medios de comunicación de titularidade pública, especialmente a Compañía de Radio-Televisión de Galicia e aqueles outros nos que participe ou que financie non emitan na súa programación imaxes ou contidos que resulten contrarios á finalidade e espírito da presente lei e da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, tendo especial coidado no tratamento gráfico da información.

2. Igualmente, a Xunta de Galicia velará para que nos medios de comunicación de Galicia se ofrezca un tratamento axeitado das noticias sobre violencia de xénero, e promoverá que cando se difundan noticias relativas á violencia de xénero se engadan pautas informativas dos recursos de prevención, asistencia e protección existentes en Galicia e que garden relación co feito difundido. Asimismo, se promoverá que as informacións relativas á violencia sobre a muller velen polo dereito á intimidade das vítimas e das súas fillas e fillos.

3. O departamento competente en materia de igualdade elaborará e difundirá un manual de estilo dirixido a que os profesionais dos medios de comunicación impriman o tratamento mediático axeitado ás informacións relacionadas coa violencia de xénero. A compañía de Radio-Televisión de Galicia asumirá como propio o citado manual de estilo.

A necesidade de promover convenios de autorregulamento en todos os medios de comunicación trátase expresamente no art.10 que é do seguinte tenor literal:

A Xunta de Galicia promoverá acordos e convenios de autorregulamento en todos os medios de comunicación social, acercando os criterios orientadores que sirvan como pauta de

actuación sobre como tratar a violencia de xénero e a imaxe das mulleres. Estas normas de autorregulamento terán carácter de códigos deontolóxicos ou de contido ético.

E o art. 11 aínda que referido ao tema da publicidade, indica con carácter xeral que nos medios de comunicación social que actúen no ámbito de Galicia evitárase a realización e a difusión de contidos e anuncios publicitarios que mediante o seu tratamento ou posta en escena xustifiquen, banalicen ou inciten á violencia de xénero, ou nos que se conteñan, tácita o implícitamente, mensaxes misóxinis ou que atenten contra a dignidade das mulleres.

Antes de entrar na autorregulación dos medios, é importante destacar que a Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes, ó tratar ós medios de comunicación (art. 13 e seguintes) incide especialmente, na conveniencia de transmitir unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e homes na sociedade, por suposto sen vulnerar a liberdade de expresión e información, e garante a adopción, mediante autorregulamento, de códigos de boas prácticas tendentes a transmitir o contido de valores constitucionais sobre a igualdade entre homes e mulleres.

De todo o exposto pódese concluir que o límite que a lei impón ós medios de comunicación no tratamento da violencia de xénero está no respecto e salvagarda dos dereitos fundamentais da persoa (igualdade, intimidade, etc) e que estes dereitos fundamentais recollidos na nosa Constitución deben prevalecer sobre a liberdade de expresión e información tal como se dispón no art. 20 da Carta Magna. Precisamente porque está garantida a liberdade de expresión e información, as leis reguladoras da violencia de xénero remítense ao autorregulamento dos medios de comunicación como límite ético na procura do tratamento axeitado desta problemática social, cun espírito escasamente intervencionista.

Neste contexto é no que cobra importancia a **Declaración de Compostela**, como un conxunto de medidas para a mellora do tratamento informativo desta realidade adoptado polo **Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia nas Xornadas** "Violencia contra as mulleres e medios de comunicación", celebradas o 16 de outubro do 2004,

A **Declaración de Compostela** contén ós seguintes principios:

1. A violencia de xénero baséase nun modelo patriarcal de sociedade no que o rol feminino estivo e está supeditado ao masculino.
2. Este tipo de violencia non só se manifesta nos malos tratos dentro do ámbito doméstico, senón tamén nos abusos e agresións sexuais, no acoso laboral, na prostitución, e na violencia específica e singular contra as nenas.



3. Medios e xornalistas enfocarán estas agresións como unha violación dos dereitos humanos, e como un atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas.

4. Ante este tipo de delitos non cabe a neutralidade. Medios e xornalistas adoptarán un compromiso activo na denuncia da violencia de xénero, incentivando a toma de conciencia social sobre a problemática que comporta.

5. Medios e xornalistas afrontarán informativamente estes casos como un problema social, e tentarán enmarcalos sempre na problemática xeral da violencia contra as mulleres. En consecuencia, non se tratarán como casos illados da crónica negra, obviando o seu emprazamento nas páxinas ou bloques informativos destinados aos sucesos.

6. Evitar o sensacionalismo, o morbo e o dramatismo -tanto no tratamento do texto como das imaxes-, o que obriga aos medios audiovisuais a coidar non só a recollida de imaxes e son, senón tamén a súa edición e difusión, desbotando os recursos propios dos "reality shows", dos programas de sucesos ou das series de ficción.

7. Respetar o dereito á intimidade e a dignidade das persoas agredidas, especialmente cando se trate de menores de idade, garantindo o seu anonimato, polo que medios e xornalistas absteranse de difundir datos ou imaxes que as poidan identificar sen antes obter o seu consentimento, respetando en todo caso o seu dereito a non facilitar a información que se lles demande.

8. Para abordar estes casos de violencia coa sensibilidade e o rigor profesional que esixen as vítimas e demandan os sectores máis concienciados da sociedade, faise necesario un tratamento especializado dos mesmos, afondando nas súas causas e nas súas consecuencias, o que comporta afrontalos con perspectiva interdisciplinar (social, económica, política, cultural...).

9. Coidar a relación coas fontes, que han ser diversas e plurais, sen cingirse exclusivamente por iso ás oficiais, tendo en conta sempre aquelas fontes expertas que contribúan a contextualizar informativamente non só o suceso en si, senón tamén os procesos aos que se terá que enfrontar con posterioridade a vítima (acollida e asistencia, tribunais, situación laboral, vivenda...), desbotando os testemuños de fontes espontáneas cando non acheguen datos relevantes para a información.

10. Facilitar información útil e de servizo ás mulleres afectadas, explicándolles os recursos dos que dispoñen – casas de acollida, asesoramento psicolóxico, trámites xudiciais, axudas da administración...- para afrontaren a súa situación con garantías e así conseguir superala.

11. Medios e xornalistas evitarán os estereotipos, prexuízos e tópicos vencellados á violencia contra as mulleres:

- Os malos tratos non son froito dun “feito pasional”, son un delito.
- Os malos tratos son un feito transversal a todos os estratos sociais; non se producen exclusivamente entre as clases marxinais.
- A vítima nunca é responsábel do feito violento, polo que é preciso evitar un tratamento informativo que a culpabilice.
- O agresor é o único responsábel do acto violento, polo que é preciso evitar un tratamento informativo que o xustifique, como sucede sempre que se bota man doutras circunstancias persoais (alcoholismo, ciumes...) alleas ao feito en si, desbotando en consecuencia todo aquilo que poidese asegurarlle a impunidade.
- A linguaxe sexista reforza a dominación simbólica contra as mulleres, polo que é imperativo desbotala dos relatos xornalísticos.

Comparativamente, a Declaración de Compostela é moi similar ós decálogos aprobados por outras institucións e administracións. Reproducimos polo seu interese o Decálogo do Instituto Andaluz da Muller, o do Concello de Pamplona e o do Instituto Navarro da Muller. No obstante, o que chama a atención da Declaración de Compostela é que se trata dun decálogo adoptado polos propios xornalistas, os profesiones dos medios que dando respota a unha iniciativa do Colexio de Xornalista de Galicia, fan uso da necesidade de autorregulación contida nos distintos textos lexislativos.

***Instituto Andaluz da Muller.*** Decálogo de recomendacións ós medios

1. Situar o contido da noticia como unha violación dos dereitos humanos que atenta contra a liberdade e a dignidade das mulleres.
2. Presentar cada agresión como parte da violencia xeralizada contra as mulleres.
3. Realizar un seguemento dos casos publicados e ofrecer noticias positivas daquelas mulleres que lograron saír da violencia.
4. Presentar os malos tratos como crimes ou asasinatos, e non como un feito “pasional”.
5. Relacionar os malos tratos físicos cos maltratos psíquicos.

6. Publicar os datos dos agresores, evitando que o anonimato asegure a súa impunidade.
7. Explicar a historia de cada vítima de maltrato
8. Destacar o valor das mulleres que denuncian malos tratos para non caer en vitimizacións.
9. Promover o rexeitamento social á violencia contra as mulleres: o silencio fainos cómplices.
10. Informar dos recursos públicos existentes

**Concello de Pamplona.** Decálogo para os medios de comunicación

1. A violencia contra as mulleres é unha violación dos dereitos humanos porque atenta contra a súa liberdade e dignidade.
2. A violencia contra unha muller non é un asunto nin privado nin individual; é un problema social.
3. Os malos tratos psicolóxicos e emocionais tamén son violencia e teñen graves secuelas, a pesar de que sexan moi difíciles de probar.
4. Os malos tratos son delitos e non "feitos pasionais".
5. A violencia contra as mulleres é unha violencia baseada na desigualdade de xénero.
6. Promover a "tolerancia cero" ante este tipo de violencia.
7. Tratar a noticia de forma rigorosa e exenta de morbo, lonxe da sección de sucesos, dando voz ás vítimas e a persoas expertas.
8. Respetar a intimidade das vítimas e evitar a difusión de comentarios despectivos con relación a elas ou que xustifiquen ós agresores, e máis se proceden de persoas públicas relevantes.
9. Transmitir a existencia de respaldo social ás vítimas, informando sobre os recursos públicos existentes, grupos de apoio, teléfonos de emerxencia e pasos básicos a seguir.
10. Destacar o valor de romper o silencio e denunciar os malos tratos, ofrecendo noticias positivas de mulleres que logran saír da violencia

**Instituto Navarro da Muller.** Recomendacións sobre o tratamento nos Medios

1. Informar sobre o problema
2. Tratar as informacións con reflexión: fuxir dos lugares comúns para evitar trasladar os patróns sociais e culturais.
3. Evitar o morbo e o sensacionalismo.
4. Non tratar as informacións como noticias de sucesos.
5. Non presentar os feitos de forma illada senón como parte dun problema amplo: é importante contextualizar.
6. Pór de manifesto que a violencia nunca é xustificable.
7. Buscar as fontes adecuadas. Coidar os testemuños de persoas próximas á vítima e ó agresor.
8. Explicar ben os datos e estatísticas que se mencionan.
9. Denunciar e propor solucións.
10. Máis artigos de opinión e reportaxes.
11. Mostrar historias de vida concretas.
12. Máis información como servizo.
13. Protexer a intimidade das vítimas e identificar quen é o agresor e como actúa.
14. Coidar o retrato que se fai das vítimas

A **Declaración de Compostela** constitúe, polo tanto, o único documento que regula cómo se deben tratar as noticias sobre violencia de xénero. Evidentemente non ten carácter coercitivo, nin é esixible dende un punto de vista xurídico, pero como decálogo contén, sin dúbida o límite ético que os profesionais se deben impoñer á hora de abordar esta problemática social.

### **Mesa 3: Como mellorar a función socializadora dos medios?**

**Moderada por Lourdes Abuide, xornalista de Onda Cero**

#### **'A sensibilidade, a responsabilidade e a contribución do xornalista na procura dunha sociedade igualitaria'**

Cada 18 segundos, nalgún lugar do mundo, unha muller é maltratada. Son datos de Nacións Unidas. Moitos dos que hoxe nos sentamos aquí, contamos esas agresións que non son domésticas nin privadas, porque é un problema público e social; que non son mulleres que morren, senon que son asasinadas; que non son crimes pasionais, porque a pasión non mata, os asasinados, sí. Hai moitas maneiras de contalo. E para avanzar nos cambios precisos para extinguir a desigualdade de xénero e todo o que conleva, incluída a violencia contra as mulleres, precisamos sensibilidade, responsabilidade e contribuir activamente desde o xornalismo a procura dunha auténtica sociedade igualitaria.

Decía o finado Ryszard Kapuscinski no libro "Os Cínicos non Serven para este Oficio" que "desde a segunda metade do século XX estamos vivindo dúas historias distintas: a de verdade e a creada polos medios (...) Os medios de comunicación crean o seu propio mundo e ese mundo é máis importante que o real" Cada un de nós, traballadores dos medios, contribuímos a crear esa realidade mediática na que hai cousas que se contan e outras que non, nas que decidimos qué ten importancia e dámoslle máis tempo, ou que non interesa, contamos a realidade e influímos sobre ela, inducimos cambios e aceleramos procesos.

Non é doado conseguir unha sociedade igualitaria entre o home e a muller porque as raíces que aferran o machismo son moi profundas, están moi engrosadas e ramificadas, e porque, como raíces que son, non sempre se ven. Como as malas herbas hai que arrincalas desde o fondo para deshacernos das que hai e evitar que agrumen outras novas.

Os estudos sobre a evolución dos medios de comunicación no tratamento da información de xénero, acostúman marcar como un revulsivo social, un antes e un despois, o ano 1997 co asasinato de Ana Orantes, unha muller maltratada, tras denunciar os malos tratos en TV. A diferenza é que Ana tiña cara para nós, os espectadores, era real e a televisión convertíraa tamén en próxima. Todos comprendimos a súa dor, o inferno que atravesaba, todos sentimos a inxustiza na que vivía, e a necesidade de protexela, e sentímonos impotentes e fracasados coa súa morte. Desde Ana temos contado centos de historias máis. O Instituto da Muller destaca a labor dos medios na denuncia, na visibilización do problema, algo

conseguido, sobre todo na máis grave e salvaxe das súas vertentes: a violencia de xénero. Saíu do privado ó público e foi en boa medida un logro dos medios. Sen embargo o propio Instituto alerta de que o tratamento destas informacións segue presentando moitos elementos distorsionadores que nos apartan do problema en si que é a violencia de

dominación que se exerce ante as mulleres e que se desenvolve en moitas facetas da nosa vida.

Volvemos ó exemplo das malas herbas, hai unha realidade que agroma, a parte visible, a violencia, a desigualdade, e hai outra parte subterránea que segue nos medios porque a conciencia social ten que ser moito máis ampla e abarca tódolos aspectos de dominación do home sobre a muller: desde compartir as tarefas domésticas, ata a igualdade no traballo ou no comportamento sexual.

O xornalista ten moito que aportar con sensibilidade, con responsabilidade e contribuindo activamente,

A sensibilidade parte de moitas premisas. Parte, de coñecer o problema, complexo como é, e desde tódolos ámbitos posibles, social, psicológico, afectivo, judicial, laboral, económico, etc. Todo o que representa a desigualdade de xénero, e a súa consecuencia última na violencia contra as mulleres, entender á vítima, e tamén saber sobre o comportamento dos agresores.

A sensibilidade parte tamén de vernos as vigas no propio ollo, que son moi malas de ver. A autoanálise, saber quen somos, cómo somos, que vestixios podemos ter, conscientes ou non, de valores que se aparten da igualdade.

A sensibilidade pasa ademáis por analizar o medio no que traballamos, como se fan as cousas no noso xornal, radio ou Tv, quen toma as decisións, as mulleres chegamos tarde a case todo e ó xornalismo tamén, as redaccións están cheas de redactoras, pero hai menos editoras, directoras, estamos conseguindo o eslabon medio, por dereito teremos que chegar tamén ós máis altos. Temos que ver se o tratamento destas informacións no noso propio medio é correcto.

O seguinte paso é a responsabilidade, sabemos do escenario no que nos movemos e da potencialidade da nosa ferramenta de traballo. Ser responsables implica ter feitas esas reflexións de partida e dispoñerse a dar un paso máis de compromiso social. A figura da muller sometida ó home, inferior, dominada ou desigual forma parte do estereotipo

femenino, a muller frívola, consumista, relegada ó fogar, obxecto sexual, son tantos os tópicos. É importante ampliar a visión que damos da muller e reforzala sacando tamén ás outras mulleres, ás que desenvolven cargos, as que conseguiron avanzar máis na igualdade. E hai que trasladalo non só nas noticias, máis frías e asepticas, aínda que como vemos tamén teñen ás veces connotacións pexorativas na súa redacción; pero a gran tarefa pendente é levalo ós programas, á opinión, á crónica, e extendelo como unha maneira de entender o xornalismo a calquera tipo de información que se dea, cada vez que falemos dun tema, a muller tamén está presente. Somos o 50% da sociedade e distamos moito de ser o 50% das entrevistadas. Reflectimos unha imaxe subiugada da muller.



A Plataforma de Acción de Beijing sinala como obxectivo “alentar ós medios de comunicación a que examinen as consecuencias dos estereotipos sexistas incluídos aqueles que se perpetúan nos anuncios publicitarios que promoven a violencia e a desigualdade de xénero (..) e a que adopten medidas para eliminar esas imaxes negativas con miras a promover una sociedade non violenta.”

¿Cómo podemos contribuir finamente?

Lembraremos algúns dos materiais máis comúns de consulta para os xornalistas. Veremos casos e exemplos concretos. Pero á fin ningún parche dará resultado si antes non conseguimos en nós mesmos a sensibilidade e o paso da responsabilidade do que falamos. Podemos influir conscientemente nun cambio social, peparándonos para saber abordalo, ou podemos inconscientemente seguir sendo partícipes da perpetuación do actual modelo de desigualdades. De nós depende.

### **Carmen Blanco, escritora feminista (Universidade de Santiago de Compostela)**

#### **‘Pola paz sexual libre e xusta’**

Na sociedade actual a función dos medios de comunicación é esencial para a consecución real da paz sexual libre e xusta. E para traballar por ela cómpre facer unha profundísima revolución mediática que destrúa o poder sexual do patriarcado, baseándose na propagación, coa sabedoría e o amor humanos máis avanzados, do dereito universal á liberdade real de todas as persoas na súa diversidade.

### **Lupe Ces, (Marcha Mundial das Mulleres)**

#### **‘O feminismo e os medios de comunicación, construindo complicidades’**

##### ***A consciência sobre a realidade dos meios medra .***

**A cidadania aínda está a dotar-se da consciência necesaria para deixar de ver aos medios de comunicación como unha realidade imutável.** A catástrofe do Prestige e a guerra de Iraqe tiveron moito que ver no desencadenamento deste proceso. A comprensión dos medios como expresións de poder político e económico, que na maioría das ocasións exercen contra os intereses da cidadanía, a favor dos intereses dos poderosos, reduce-se a capas sociais moi ideologizadas e minoritarias. Até agora, os movementos sociais, crecían facendo críticas ao posicionamento dos medios, ou alavando aqueles espazos que se lles concedía, onde reconhecen-se. Ma maioría dos casos, a creación de medios de

comunicação próprios, não passava de formatos fortemente ideologizados, partidários e de escassa divulgação.

***Novos jeitos de comunicação. A rémora da tecnologia.***

**Coa expansão das novas tecnologias e o movimento de luta global** (altermundista), **nasce um novo jeito de comunicação** que põe ao alcance dos movimentos sociais a possibilidade de elaborar e compartilhar informação dum jeito impensável até agora. Correios eletrônicos, webs, portais, blogs... tecem uma rede mundial cada dia mais tupida, mas que não compete com os meios convencionais.

**O feminismo é um movimento social com dois séculos de história.** Ainda que os novos meios de comunicação permitem uma democratização sem precedentes na elaboração e circulação da informação, o escasso índice de alfabetização informática, e nas tecnologias em geral, entre as mulheres, está colocando ao feminismo nos últimos postos em presença no ciberespaço.

***A violência machista se visibiliza, o feminismo segue oculto .***

**Os meios convencionais no nosso país acusam nos últimos cinco anos um câmbio quantitativo e qualitativo em relação à problemática das mulheres,** não com o feminismo. A presença da violência machista como fenômeno mediático é uma realidade, não assim a aprofundamento no conhecimento e entendimento necessário do problema na sua complexidade. Para informar há que conhecer e entender.

**O feminismo segue ausente dos meios,** como o resto dos movimentos sociais. Em contadas ocasiões são geradores de opinião desde os próprios meios; não se divulga a sua história; não se anunciam as suas estratégias, não se dá a conhecer às pessoas dirigentes ou quais são os seus contributos para o desenvolvimento humano. Simplesmente faz-se notícia do conflito (uma folga, uma reação frente a um atentado ecológico... uma vítima de violência machista).

***Os espaços conquistados, as feministas cavalo de Troia.***

**Pela sua banda os movimentos sociais, e cidadãos, carecem muitas vezes de estratégias elaboradas,** mesmo de análise, de como atuam com eles os meios e como afrontar esta situação. O feminismo tem analisado a utilização por parte dos meios da imagem das mulheres, o silenciamento e ocultação das que não encaixem no estereótipo machista. Da violência deturpada dos assassinatos de mulheres... Mas pouco se tem elaborado para desenhar uma estratégia de câmbio. Só a cada vez maior presença feminina nas redações, e entre elas as companheiras feministas, fazem possível hoje a utilização dum enfoque diferente na informação, ou a aparição de trabalhos jornalísticos de investigação que rompem com os temas masculinos para introduzir o feminino sem sexismo.

**Na medida em que tomemos consciência de que os meios privados, som empresas e que polo tanto movem intereses particulares,** e os meios públicos, se rigen polos mesmos critérios de rendabilidade e audiència, e están fechados á participación popular, poderemos elaborar estratégias para reducir a influencia dos primeiros e democratizar os segundos.

**A todo o anterior hai que engadir o complicado que resulta caminhar entre a liberdade de expressom, a censura e a loita contra a injustiça e a discriminaçom.** O caso da columna do jornalista *Pérez Reverte*, ou o da vinheta caricaturizando à concelheira ferrolá *Yolanda Díaz*, som dous exemplos polémicos de como resolver o rechaço que podam gerar certas prácticas jornalísticas. Um forte compromiso e umha ética profesional arraigada, podem resultar moi úteis à hora de arbitrar as relaçons entre cidadania e meios. Mas só nos achegaremos a um modelo de comunicaçom mais democrático se essa ética e esse compromiso se fai desde os valores da igualdade e cumha análise da realidade feita desde umha perspectiva de gênero.

## **CONCLUSIÓN**

Esta xornada sobre o rol dos medios na información de xénero, pretendeu ser un fondo non soamente de análise teórica, senón tamén de procura dunha lista de conclusións e solucións prácticas que se puideran executar o antes posible no seo do día a día da sociedade. Tanto as e os xornalistas profesionais presentes, como as representantes de asociacións e colectivos de mulleres, así como as institucións e os organismos oficiais, e o persoal docente e investigador ofreceron as súas propostas para mellorar o tratamento da información de xénero e para que os medios poidan contribuír, dunha maneira positiva, á erradicación da violencia machista e ao recoñecemento dos dereitos das mulleres, que enumeramos a continuación:

- O actual Ordenamento Xurídico do Estado dalle ás institucións as ferramentas suficientes para que as televisións públicas e privadas cumpran coa súa función social. As institucións do Estado en democracia teñen a responsabilidade de garantir a seguridade das persoas.
- Os medios de comunicación están obrigados a cumprir cun código ético deontolóxico a favor dos dereitos humanos.
- Os medios de comunicación deben difundir unha imaxe pública da muller segundo a lexislación e as políticas de igualdade, á hora de fomentar o papel da muller nunha sociedade igualitaria.
- É necesaria a capacidade de relación das organizacións de mulleres cos medios de comunicación, que deben evitar a filtración de estereotipos propios dunha sociedade machista.
- Deixar de identificar os contidos informativos relacionados coa beleza, maternidade ou a decoración como a única información que lle interesa ao público feminino.
- Non difundir imaxes de persoas ou de lugares frecuentados pola vítima que permitan identificala.
- Non focalizar a información na vítima.

- Evitar a procura de fontes inexpertas que permitan xustificar as accións violentas contra as mulleres.
- Non clasificar a violencia de xénero como unha noticia de sucesos.
- Non enumerar o número de vítimas, porque supón unha despersonalización do problema.
- Os medios de comunicación deben evitar seren transmisores de coaccións e xustificacións, fuxir de dar á opinión pública un perfil definido dos agresores que disperse a atención do propio acto de agresión, como dicir que son extranxeiros, alcohólicos ou enfermos mentais.
- Non dar un tratamento informativo igual a todos os casos de violencia doméstica, nin tratala coma un simple suceso. Remitir as informacións de xénero á defensa dos dereitos humanos para reproducir un novo modelo de estrutura social sen estereotipos machistas.
- Os medios de comunicación deben facerse eco non só da violencia de xénero exercida no ámbito da parella, senón que tamén debe referirse a outros tipos de violencia como o acoso sexual ou laboral.
- Facilitar o acceso dos profesionais aos códigos de autorregulamento.
- Evitar titulares morbosos e disculpatorios. Centrar a información no agresor máis que na vítima.
- Usar termos como violencia sexista ou violencia machista contra as mulleres, no canto de violencia de xénero.
- Formar e sensibilizar aos xornalistas dun coñecemento específico sobre a violencia de xénero para ofrecer unha información contrastada, racional e democrática
- Crear estratexias e recursos de formación para os xornalistas.
- A violencia de xénero debe ser tratada por especialistas.
- Os medios de comunicación deben contribuír aos cambios nas estruturas sociais e non perpetuar os estereotipos machistas.
- Os xornalistas deben incluír nas súas informacións de xénero un pensamento antipatriarcal e feminista, sobre todo nos programas de opinión.

- Deben desaparecer os programas que reproducen estereotipos ou seren excluídos das subvencións estatais, xa que as institucións do Estado teñen a obriga de protexer os dereitos ós cidadáns.
- Elaborar información crítica materialista das crenzas relixiosas que poidan perpetuar o segundo plano da muller na vida.

## FICHA TÉCNICA

© Os e as autores/as, 2007  
© Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, 2007

### O PAPEL DOS MEDIOS NA INFORMACIÓN DE XÉNERO

#### Ponentes:

Marisa Soletto Ávila  
Luisa Costas  
Cristina Caruncho Michinel  
Belén Regueiro  
Silvia Pérez Fríre  
Ana Sanmartín  
María Luisa Pasín  
María Solar  
Carmen Blanco  
Lupe Cés

#### Moderaderan:

Belén Puñal Rama  
Juan Carlos Rodríguez  
Begoña Fontenla  
Julio Pérez

**Coordinación:** Darío Janeiro

**Coordinación de contidos:** Elvira Fente Gómez

**Producción:** Noela Rey Méndez, M<sup>a</sup> José Cela

**Responsábel de Comunicación:** Iván Cuevas

**Edita:** Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia  
Rúa San Pedro de Mezonzo 48, 1<sup>o</sup>C  
15701 Santiago de Compostela  
Telf. 981 935 670

*Reservados todos os dereitos*

**Primeira edición:** Novembro, 2007

**Internet:** <http://www.xornalistas.com>

#### Organiza:



#### En colaboración con



XUNTA DE GALICIA  
VICEPRESIDENCIA DA  
IGUALDADE E DO BENESTAR



CONCELLO  
DE LUGO

#### XUNTA DE GOBERNO CPXG

##### Decano

Xosé Manuel Vega Gómez

##### Vicedecano

Antón Luaces Teixido

##### Secretario

Fernando Varela Bibián

##### Tesoureiro

Darío Janeiro Pereira

##### Vocais

Luis Álvarez Pousa  
Francisco González Sarria  
Elvira Varela Fernández  
Xosé Andrés Vázquez Hermida  
Ainhoa Apestegui Beriain  
Anxo Quintela González  
Sonia Vizoso Pérez  
Rebeca Romero Rodríguez  
Juan Freire Besteiro  
Elva Otero Radio  
Manuel Vilas López

#### PLENO TERRITORIAL

##### Ourense

Víctor Rodríguez Díaz

##### Vigo

Eduardo Rolland Etchevers  
Pablo López Campos

##### A Coruña

Xosé Manuel Pereiro Sánchez  
Marcos Sanluis López

##### Ferrol

Xan Carlos Morales Somoza

##### Lugo

Leticia Vilar Pumares

##### Pontevedra

Eva Alonso Álvarez

##### Santiago

Amelia González Brandariz  
Francisco López Iglesias  
Xaime Leiro Darriba  
Ignacio Mirás Fole  
Aida Pena Meis